

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 23 DE XANEIRO DE 2024**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde en funcións, D. Juan González Leirós (*R.A. nº 2112/2023, do 28 de decembro*)

### **ASISTENTES:**

D. Diego Alcantarilla Rei  
D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta  
D.<sup>a</sup> María Mercedes Prieto Lamas  
D. Daniel Mallo Castro  
D.<sup>a</sup> Patricia María Parceró Quiñoy  
D. David López Saborido

### **INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día vinte e tres de xaneiro de dous mil vinte e catro, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións, D. Juan González Leirós (*Resolución da Alcaldía nº 2112/2023, do 28 de decembro*), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Diego Alcantarilla Rei, D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta, D.<sup>a</sup> María Mercedes Prieto Lamas, D. Daniel Mallo Castro, D.<sup>a</sup> Patricia María Parceró Quiñoy e D. David López Saborido.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria xeral, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 16 DE XANEIRO DE 2024**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 16 de xaneiro de 2024, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 16 de xaneiro de 2024.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento PR460A). DOG núm. 12, do 17.01.2024.

- Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, resolución do 16 de xaneiro de 2024 pola que se fan públicas as candidaturas presentadas nas xuntas electorais provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra para as eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024. DOG núm. 12, do 17.01.2024.
- Presidencia da Xunta de Galicia, Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, de calidade alimentaria de Galicia. DOG núm. 13, do 18.01.2024.
- Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, orde do 16 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia, susceptibles de ser cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento PR486D). DOG núm. 13, do 18.01.2024.
- Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, orde do 22 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2024 (código de procedemento TR331A). DOG núm. 13, do 18.01.2024.
- Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, resolución do 27 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento SI461a). DOG núm. 13, do 18.01.2024.
- Consellería de Economía, Industria e Innovación, orde do 4 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento IN519B). DOG núm. 14, do 19.01.2024.
- Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais en galego e para a mellora das coleccións, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento CT235A). DOG núm. 14, do 19.01.2024.
- Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, resolución do 22 de xaneiro de 2024 pola que se fan públicas as candidaturas proclamadas polas xuntas electorais provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra para as eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024. DOG núm. 16, do 23.01.2024.
- Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, orde do 22 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento CT211B). DOG núm. 16, do 23.01.2024.

### **3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, que comezan coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Servizos núm. 20/2024, de data 12 de xaneiro e rematan coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Servizos núm. 41/2024, de data 18 de xaneiro, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
20/2024	12-01-2024	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros do día 17 de xaneiro de 2024
21/2024	12-01-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 16 de xaneiro de 2024
22/2024	12-01-2024	Aprobación das concesións e denegacións da bonificación do 100% sobre o mínimo facturable para usos domésticos, tanto na taxa de subministración de auga (artigo 5.1 da ordenanza fiscal núm. 15), como na taxa pola rede de sumidoiros (artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9) con efectos do cuarto trimestre de 2023, de conformidade cos informes emitidos polos técnicos de Servizos Sociais; así como baixas de usuarios, con efectos do cuarto trimestre de 2023, a bonificación das ditas taxas
23/2024	12-01-2024	Rectificación do parágrafo primeiro da parte dispositiva da Resolución do concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade en funcións número 909/2023, de autorización de apertura da urna perimetral nº 41 B do cemiterio municipal (erro no nome do solicitante)
24/2024	12-01-2024	Rectificar o parágrafo primeiro da Resolución da concelleira delegada da Área de Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade número 1984/2023, de autorización de apertura de urna central nº 146 A do cemiterio municipal (erro no nome do solicitante, nº de urna e falecido)
25/2024	12-01-2024	Arquivar o expediente nº 2022/I002/000058, de reposición da legalidade urbanística, ao terse constatado que os interesados procederon a repoñer os bens afectados ao seu estado anterior, de acordo co disposto polos artigos 152 e 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
26/2024	12-01-2024	Dar de baixa no servizo de axuda no fogar a J.M.A.R. Motivo da baixa: Cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implica un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar. A data de baixa é: 01/02/2024.
27/2024	15-01-2024	Convocatoria da sesión conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 18 de xaneiro de 2024
28/2024	15-01-2024	Considerar desistido P.F.F. da solicitude da axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da vivenda habitual establecida no artigo 7 da Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención municipal, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
29/2024	12-01-2024	Autorización da apertura da urna perimetral sinalada co número 31, letra C no cemiterio municipal de Cambre solicitada por A.G.M. o 4 de xaneiro de 2024, co obxecto de inhumar o cadáver de J.F.P, falecida o día 29 de decembro de 2023 e cuxo corpo foi inhumado no dito nicho en data 30 de decembro de 2023.
30/2024	15-01-2024	Aprobación, con efectos do 22 de decembro de 2023, da relación de



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		solicitudes admitidas dos participantes na 1ª quenda, do 22 ao 29 de decembro de 2023, do programa de actividades "Xogando no Nadal 2023"
31/2024	15-01-2024	Aprobación das concesións e denegacións da bonificación do 50% sobre o mínimo facturable para usos domésticos, tanto na taxa de subministración de auga (artigo 5.1 da ordenanza fiscal núm. 15), como na taxa pola rede de sumidoiros (artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9) con efectos do cuarto trimestre de 2023; así como baixas de usuarios con bonificación no mesmo trimestre
32/2024	16-01-2024	Avocar a delegación xenérica da Área Seguridade Cidadá, Patrimonio, Turismo, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica efectuada a prol do quinto tenente de alcalde, don Daniel Mallo Castro, o día 15 de xaneiro de 2024, a partir do cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas pola Alcaldía mediante Resolución núm. 1171/2023, do 4 de xullo.
33/2024	16-01-2024	Concesión de trámite de audiencia de 10 días a cada un dos aspirantes admitidos no proceso selectivo dun enxeñeiro técnico industrial interino e elaboración de relación de candidatos para nomeamentos interinos (artigo 118 da Lei 39/2015, do 1 de outubro)
34/2024	17-01-2024	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 22 de xaneiro de 2024
35/2024	17-01-2024	Levantamento do reparo formulado pola Intervención municipal no informe de fiscalización JUA NUM. 194/2023 - Reparos 49 R de data 11/05/2023 (CVD: oWGMw/ONf/zl2mobiQTH), así como no informe de fiscalización LMR – Subvencións – Premios Entroido en Cambre 2023 - FASE D de data 13/12/2023 (CVD: PEzFq/soOR4+dZfAOlgi), ambos á proposta de outorgamento de premios e gratificacións aos participantes no Entroido en Cambre 2023, do expediente (TEDeC 2023/G003/000870), ao obxecto de continuar coa tramitación do procedemento.
36/2024	16-01-2024	Denegación da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, solicitada o 19/12/2023, por J.I.L.L., xa que a unidade familiar beneficiaria esgotou a cantidade máxima a percibir en 12 meses en axudas de emerxencia social municipal.
37/2024	16-01-2024	Denegación da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, solicitada o 20/12/2023, por A.C.M., xa que se atopa no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non se pode ser beneficiario.
38/2024	16-01-2024	Denegación da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, solicitada o 19/12/2023, por J.M.F.M., xa que se atopa no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non pode ser beneficiario.
39/2024	18-01-2024	Delegación da totalidade de funcións que ostenta a Alcaldía no primeiro tenente de alcalde, don Juan González Leirós, que as exercerá desde a hora e data de sinatura da resolución ata a súa reincorporación
40/2024	18-01-2024	Imposición a J.F.P.R. dunha multa coercitiva por importe de <b>mil euros</b> (1.000 €), polo incumprimento da resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras do día 16 de febreiro de 2022, pola que se lle ordenou repoñer ao seu estado anterior as obras realizadas nas edificacións sitas en Estrada do Espírito Santo, Cecebre, ao non ser as mesmas legalizables por exceder das obras de mantemento e

		conservación, únicas permitidas nunha edificación na situación de fóra de ordenación, ao ter modificado e aumentado o volume existente, e solicitar licenza para o resto das obras denunciadas, advertíndolle de que se lle poderán impoñer novas multas coercitivas polo dito importe, ata acadar o cumprimento da orde de demolición. Requerir o pago da citada cantidade mediante carta de pago que se achega.
41/2024	18-01-2024	Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada no expediente 2023/U026/155 por canto que, tal e como conclúe a arquitecta técnica municipal no seu informe de data 16 de xuño de 2023, as obras comunicadas (reparación e reposición de muro de cierre deteriorado e edificacións anexas en A Rocha, Anceis) non se corresponden coas realmente executadas (demolición de dúas construcións auxiliares e dun tramo de cerramento; e a construción dun novo cerramento, dunha nova construción auxiliilar, un muro de formigón de contención de terras e unhas escaleiras de formigón), o que impide o exercicio do dereito afectado de conformidade co establecido no artigo 29.3.d) da Ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos. Ordenar a demolición das obras realizadas e conceder aos interesados un prazo de 1 mes para executala.

#### **4.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter á consideración da Xunta de Goberno Local a proposta relativa á adxudicación, por contrato menor, do “*Servizo de recuperación, impresión e montaxe de paneis para a exposición fotográfica itinerante Cambre Onte, Hoxe e Sempre.*” Expediente TEdC núm. 2023/C002/000026. Xustifica a urxencia en que se trata dun expediente cuxa adxudicación se considera preciso acelerar por motivos de interese público.

A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto anteriormente citado que é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

#### **ÚNICA. PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN, POR CONTRATO MENOR, DO “SERVIZO DE RECUPERACIÓN, IMPRESIÓN E MONTAXE DE PANEIS PARA A EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA ITINERANTE CAMBRE ONTE, HOXE E SEMPRE.”. EXPEDIENTE TEDEC 2023/C002/000026**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 19 de xaneiro de 2024 (CVD: YycgUssQ+n9gwhOI8wHN), que transcrita di:

#### **«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o expediente tramitado na plataforma TEdC ao número 2023/C002/000026 para a contratación, por contrato menor, do *Servizo de recuperación, impresión e montaxe de paneis para a exposición fotográfica itinerante Cambre Onte, Hoxe e Sempre.*

Visto que consta no expediente o informe técnico de necesidade asinado polo técnico en promoción económica, polo sr.

alcalde e pola concelleira delegada o día 21.04.2023 (CVD: 7+tfLRWZyGO0Pp6tUG8s).

Visto que consta no expediente a memoria valorada da prestación asinada polo técnico en promoción económica o día 26.04.2023 (CVD: qYMD4DBQ4enL95rsFzPN).

Visto que consta no expediente a dilixencia da interventora municipal do día 13.12.2023 (CVD: uEhHe5SBNd+d92UvUwng) que, entre outras couas, di:

“(…)

*Ao amparo do artigo citado, formulo por escrito as seguintes observacións:*

**1.-** *Ao abeiro do artigo 65.1 da LCSP, só poderán contratar có sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nalgunha prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional ou, nos casos en que así o esixa esta Lei, atópanse debidamente clasificadas.*

**2.-** *En virtude do artigo 65.2 da LCSP, os contratistas deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización das prestacións que constitúan o obxecto do contrato.*

**3.- Prezo.** *O artigo 102.3 LCSP dispón que “Los órganos de contratación cuidarán de que el precio sea adecuado para el efectivo cumplimiento del contrato mediante la correcta estimación de su importe, atendiendo al precio general de mercado, en el momento de fijar el presupuesto base de licitación y la aplicación, en su caso, de las normas sobre ofertas con valores anormales o desproporcionados.*

*En aquellos servicios en los que el coste económico principal sean los costes laborales, deberán considerarse los términos económicos de los convenios colectivos sectoriales, nacionales, autonómicos y provinciales aplicables en el lugar de prestación de los servicios”.*

*Revisado o documento denominado ESPECIFICACIONES APLICABLES A LA CONTRATACIÓN DE LA RECUPERACIÓN, IMPRESIÓN Y MONTAJE DE PANELES Y ESTRUCTURAS PARA LA EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA ITENERANTE “CAMBRE ONTE, HOXE E SEMPRE” asinado o 26.04.2023 (CVD: E/+OiyKqr/9sGm8gBy4Z) **compróbase que a determinación do prezo non permite comprobar a correcta estimación do seu importe ao non detallar os cálculos realizados para definir os prezos unitarios dos conceptos Impresión de fotos sobre vinilo de alta calidad, Limpieza de paneles, Montaje estructuras, Desmontaje estructuras.***

**4.-** *Na contratación pública rexen os principios de igualdade, non discriminación e transparencia. Asemade, establece a LCSP que los órganos de contratación han de velar en todo el procedimiento de contratación por la salvaguarda de la libre competencia.*

*O artigo 28.4 LCSP “Las entidades del sector público programarán la actividad de contratación pública, que desarrollarán en un ejercicio presupuestario o períodos plurianuales y darán a conocer su plan de contratación anticipadamente mediante un anuncio de información previa previsto en el artículo 134 que al menos recoja aquellos contratos que quedarán sujetos a una regulación armonizada”*

*De conformidade có artigo 131.2 LCSP “La adjudicación se realizará, ordinariamente utilizando una pluralidad de criterios de adjudicación basados en el principio de mejor relación calidad-precio, y utilizando el procedimiento abierto o el procedimiento restringido, salvo los contratos de concesión de servicios especiales del Anexo IV, que se adjudicarán mediante este último procedimiento”*

*O artigo 159.6 LCSP prevé un procedemento de contratación abreviado e sumario para os servizos cuxo valor estimado sexa inferior a 60.000 €.*

*En virtude do exposto e se ben o artigo 131.3 LCSP establece a posibilidade de adxudicar contratos menores directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria*

*para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118 do mesmo texto legal, **este mecanismo debería ser excepcional e reservarse únicamente para satisfacer aquelas prestacións que non se poidan prever na programación da actividade de contratación para así garantir os principios inspiradores na normativa de contratación pública**”.*

Visto que consta no expediente o informe desfavorable emitido pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade de secretaria xeral, o día 14.01.2024 (CVD: CWTTIdhTIBdE5hZuHt8R) que, entre outras cousas, di:

“(…)

No suposto examinado, consta no expediente, entre outros documentos, o informe de necesidade (CVD: 7+tfLRWZyGOOPp6tUG8s), asinado polo técnico en promoción económica, o alcalde e a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior, o día 21.04.2023 que, entre outras cousas, di:

“(…)

O obxecto desta contratación son os servizos de recuperación, impresión e montaxe dos paneis e estruturas necesarias para a realización da exposición fotográfica itinerante “Cambre onte, hoxe e sempre” entre os meses de abril e outubro de 2023 en diferentes puntos de Cambre. Constitúe o obxecto desta contratación:

- A recuperación e limpeza de 36 paneis de sándwich de aluminio de 3 milímetros de espesor e dos tubos de ferro de 20 por 20 milímetros con que se forman os cubos en que se montan os devanditos paneis de propiedade municipal.
- A maquetación das imaxes para incluír nos paneis procedentes da Fototeca de Cambre.
- A impresión sobre vinilo de alta calidade con tintas solventes de imaxes, a súa aplicación sobre os paneis e o laminado de protección dos mesmos.
- A montaxe dos 36 paneis en 9 estruturas tipo cubo (4 paneis por estrutura).
- O transporte das estruturas ata os lugares en que se celebren as exposicións de Cambre que se determine polos servizos municipais.
- O desmontaxe das estruturas e o seu traslado, xunto cos paneis, ata as dependencias que determinen os servizos municipais.

(…)

Coa presente contratación preténdense satisfacer as seguintes necesidades:

- Recuperar os paneis e estruturas de propiedade municipal, por medio da súa limpeza e adecuación, de tal maneira que sexa posible a impresión nos mesmos das novas imaxes que finalmente conformarán as exposicións.
- Actualizar os paneis, incluíndo neles novas imaxes procedentes da Fototeca de Cambre non empregadas anteriormente.
- Transportar, montar e desmontar os paneis e as estruturas para as exposicións fotográficas a partir de estruturas tipo cubo nos diferentes emprazamentos en que estas se celebren.

(…)

Prazo de execución. Sete meses a contar dende a notificación da resolución de adjudicación ao contratista. Ao pretenderse a realización de dúas exposicións itinerantes, estando os montaxes destas habilitados por períodos de 90 días, considerándose pertinente dispoñer de 30 días para efetur os traballos de recuperación e impresión, estimase este prazo de execución de sete meses.

(…)

<b>Orzamento base de licitación</b>	<b>Orzamento (IVE excluído)</b>		6.198,34 €
	<b>Tipo impositivo</b>	21%	1.301,66 €
	<b>Orzamento total (IVE incluído)</b>		<b>7.500,00 €</b>
Vistas as características do servizo e que se trata dunha necesidade urxente, considérase necesario executar o citado gasto mediante o procedemento máis adecuado, que é o do contrato menor, iso atendendo á natureza, contía e simplicidade da tramitación, efectuando para isto, a seguinte proposta de criterios de adjudicación:			
<b>PROPOSTA CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN</b>		Será criterio para a adjudicación deste contrato o <b>prezo ofertado</b> . Propónse asignar o máximo de puntuación a la oferta con menor precio con respecto ao orzamento de licitación, asignándose a puntuación ao resto das ofertas mediante a aplicación da seguinte fórmula automática (máximo 100 puntos):	
<i>(De considerarse oportuno establecer criterio/s de adjudicación distintos do prezo deberán indicarse expresamente neste apartado. Neste caso, e cando exista máis dun criterio de adjudicación deberá establecerse a ponderación que se lle dá a cada un deles, así como a fórmula para o cálculo da puntuación)</i>		$\text{Puntuación} = \frac{\text{Orzamento base de licitación} - \text{Prezo a valorar}}{\text{Orzamento base de licitación} - \text{Prezo máis baixo}} \times 100$	

(...)"

A xuízo da técnica que subscribe, estamos ante unha contratación previsible.

Tampouco pode atribuírselle a esta contratación o carácter de urxente, pois a falta de planificación dunha contratación previsible non a define como tal.

En definitiva, non se cumpren os requisitos legais esixidos para poder utilizar o contrato menor, evitando a tramitación ordinaria e, con ela, a publicidade, libre concorrencia, igualdade e transparencia que debe presidir toda a contratación pública.

Respecto da práctica relativa a que nalgúns expedientes de contratación, cuxa tramitación se propón polos técnicos responsables como contrato menor, a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior ven dispoñendo que se proceda á publicación no perfil do contratante un anuncio polo que se conceda un prazo para a presentación de ofertas, cabe indicar que a dita publicación no perfil do contratante non cumpre por si sola os requirimentos legais esixidos, xa que a LCSP é taxativa cos procedementos de contratación que poden aplicarse en cada suposto, e non reunindo esta contratación os requisitos propios do contrato menor, non se axusta á normativa a súa tramitación como tal. En definitiva, a súa publicación no perfil do contratante nin subsana nin completa, nin en todo nin en parte, a falla do procedemento establecido na normativa de aplicación; cuestión esta que non resulta baladí, pois o procedemento administrativo é a garantía de que a Administración opera con sometemento pleno á Lei e ó Dereito.

Comparte igualmente a técnica que subscribe as observacións expostas pola interventora municipal na súa dilixencia do día 13.12.2023 (CVD: uEhHe5SBNd+d92UvUwng), que din:

"(...)".

#### CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto, non procede a contratación como contrato menor do *servizo de recuperación, impresión e montaxe de paneis para a exposición fotográfica itinerante Cambre Onte, Hoxe e Sempre*, que consta na plataforma TEdC co número 2023/C002/000026.

É o que expoño neste informe coas cautelas e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.

Visto que consta no expediente o documento de retención de crédito asinado o día 15.01.2024 (código para validación:



IWMFX-V91VX-PAP10) por importe de 7.500,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria “933 22699 Outros gastos diversos”.

Visto que o día 15.12.2023 publicouse na Plataforma de Contratación do Sector Público o anuncio de licitación abrindo un prazo de presentación de ofertas ata o 22.12.2023.

Visto que consta no expediente o INFORME DE EXISTENCIA DE CRÉDITO AO CONTRATO MENOR DENOMINADO “SERVIZO DE RECUPERACIÓN, IMPRESIÓN E MONTAXE DE PANEIS PARA A EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA ITINERANTE CAMBRE ONTE, HOXE E SEMPRE”, EMITIDO COA FINALIDADE DE ACTUALIZAR O NÚMERO DE OPERACIÓN E O NÚMERO DE REFERENCIA DO ASENTO CONTABLE RC QUE DA COBERTURA ORZAMENTARIA AO EXPEDIENTE TEDEC NÚMERO 2023/C002/000026, emitido pola interventora municipal o día 16.01.2024 (CVD: LyZcgJH1KGYu/bcnsT4D) no que, entre cousas, di:

“(…)

Ao amparo do artigo citado, formulo por escrito as seguintes **observacións**:

**1.-** Ao abeiro do artigo **65.1** da **LCSP**, só poderán contratar có sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nalgunha prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional ou, nos casos en que así o esixa esta Lei, atópanse debidamente clasificadas.

**2.-** En virtude do artigo **65.2 da LCSP**, os contratistas deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización das prestacións que constitúan o obxecto do contrato.

**3.- Prezo.** O artigo **102.3 LCSP** dispón que *“Los órganos de contratación cuidarán de que el precio sea adecuado para el efectivo cumplimiento del contrato mediante la correcta estimación de su importe, atendiendo al precio general de mercado, en el momento de fijar el presupuesto base de licitación y la aplicación, en su caso, de las normas sobre ofertas con valores anormales o desproporcionados.*

*En aquellos servicios en los que el coste económico principal sean los costes laborales, deberán considerarse los términos económicos de los convenios colectivos sectoriales, nacionales, autonómicos y provinciales aplicables en el lugar de prestación de los servicios”.*

Revisado o documento denominado **ESPECIFICACIONES APLICABLES A LA CONTRATACIÓN DE LA RECUPERACIÓN, IMPRESIÓN Y MONTAJE DE PANELES Y ESTRUCTURAS PARA LA EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA ITENERANTE “CAMBRE ONTE, HOXE E SEMPRE”** asinado o 26.04.2023 (CVD: E/+OiyKqr/9sGm8gBy4Z) **compróbase que a determinación do prezo non permite comprobar a correcta estimación do seu importe ao non detallar os cálculos realizados para definir os prezos unitarios dos conceptos Impresión de fotos sobre vinilo de alta calidad, Limpieza de paneles, Montaje estructuras, Desmontaje estructuras.**

**4.-** Na contratación pública rexen os principios de igualdade, non discriminación e transparencia. Asemade, establece a LCSP que os órganos de contratación han de velar en todo el procedimientto de contratación por la salvaguarda de la libre competencia.

O artigo 28.4 LCSP *“Las entidades del sector público programarán la actividad de contratación pública, que desarrollarán en un ejercicio presupuestario o períodos plurianuales y darán a conocer su plan de contratación anticipadamente mediante un anuncio de información previa previsto en el artículo 134 que al menos recoja aquellos contratos que quedarán sujetos a una regulación armonizada”*

De conformidade có artigo 131.2 LCSP *“La adjudicación se realizará, ordinariamente utilizando una pluralidad de criterios de adjudicación basados en el principio de mejor relación calidad-precio, y utilizando el procedimiento abierto o el procedimiento restringido, salvo los contratos de concesión de servicios especiales del Anexo IV, que se adjudicarán mediante este último procedimiento”*

O artigo 159.6 LCSP prevé un procedemento de contratación abreviado e sumario para os servizos cuxo valor estimado sexa inferior a 60.000 €.

En virtude do exposto e se ben o artigo 131.3 LCSP establece a posibilidade de adxudicar contratos menores directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118 do mesmo texto legal, **este mecanismo debería ser excepcional e reservarse unicamente para satisfacer aquelas prestacións que non se poidan prever na programación da actividade de contratación para así garantir os principios inspiradores na normativa de contratación pública.**

(...)”.

Visto que consta no expediente a proposta de adxudicación asinada polo técnico en promoción económica o día 17.01.2024 (CVD: srTWTrUgW1r5AA12wD7h) que, entre outras cousas, di:

“(...)”

**Segundo:** presentaron ofertas as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	NIF	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Barbeito y López, S.C.	J - 70196100	6.198,34 €	7.500,00 €
Ovejero Sequeiro, S.L.	B - 10407096	5.826,43 €	7.049,98 €

**Terceiro:** tendo en conta que o criterio de selección da oferta máis vantaxosa é o prezo, PROPOÑO:

Adxudicar o contrato menor correspondente ao Servizo de recuperación, impresión e montaxe de paneis para a exposición fotográfica itinerante Cambre Onte, Hoxe e Sempre, á empresa Ovejero Sequeiro, S.L., con NIF B10.407.096, con domicilio na rúa Rivera de Gata, 14, 10840 Moraleja (Cáceres), no prezo ofertado de 5.826,43 € sen IVE, 7.049,98 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

(...)”.

Visto que consta no expediente o informe desfavorable emitido pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade de secretaria xeral, o día 18.01.2024 (CVD: sEk++KQ/KrtZiu9C8i2+) que, entre outras cousas, di:

“(...)”

## **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**Primeira.-** Normativa aplicable.

*Para a emisión deste informe cómpre ter en conta a seguinte normativa:*

*Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)*

*Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*

*Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. (LCSP)*

*Real decreto 817/2009, de data 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro de 2007.*

*Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, que aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP).*

*Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG)*

**Segunda:** Danse por reproducidas as consideracións xurídicas expostas no informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral, o día 14.12.2023 (CVD: CWTTIdhTIBdE5hZuHt8R)

neste expediente.

**Terceira:** Convén precisar que, se ben esta contratación foi publicada na PLACSP o día 15.12.2023 (facéndose constar no anuncio de licitación que se abriu un prazo de presentación de ofertas de 5 días hábiles, a través da sede electrónica deste Concello), a dita publicación non cumpre por si sola os requirimentos legais esixidos, xa que a LCSP é taxativa cos procedementos de contratación que poden aplicarse en cada suposto, e non reunindo esta contratación os requisitos propios do contrato menor, non se axusta á normativa a súa tramitación como tal. En definitiva, a súa publicación na PLACSP nin subsana nin completa, nin en todo nin en parte, a falla do procedemento establecido na normativa de aplicación; cuestión esta que non resulta baladí, pois o procedemento administrativo é a garantía de que a Administración opera con sometemento pleno á Lei e ó Dereito.

### **CONCLUSIÓN:**

En atención ao exposto neste informe e no informe do día 14.12.2023 (CVD: CWTTIdhTIBdE5hZuHt8R) que consta neste expediente, infórmase desfavorablemente a adxudicación como contrato menor do servizo de recuperación, impresión e montaxe de paneis para a exposición fotográfica itinerante Cambre Onte, Hoxe e Sempre, que consta na plataforma TEdC co número 2023/C002/000026.

Non se estudan o resto dos extremos deste expediente, nin de fondo nin de forma por canto que entende quen subscribe que non procede a súa adxudicación.

É o que expoño neste informe, coas cautelas e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.

(...)"

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1171/2023 do 4 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1172/2023, do 4 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor núm. 2023/C002/000026 cuxo obxecto é o "Servizo de recuperación, impresión e montaxe de paneis para a exposición fotográfica itinerante Cambre Onte, Hoxe e Sempre", con cargo á aplicación orzamentaria "933 22699 Outros gastos diversos" por importe de 7.500,00 euros.

**Segundo:** Adxudicar o contrato menor correspondente ao *Servizo de recuperación, impresión e montaxe de paneis para a exposición fotográfica itinerante Cambre Onte, Hoxe e Sempre*, á empresa Ovejero Sequeiro, S.L., con NIF B10.407.096, con domicilio na rúa Rivera de Gata, 14, 10840 Moraleja (Cáceres), no prezo ofertado de 5.826,43 € sen IVE, 7.049,98 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

**Terceiro:** Designar responsable do contrato ao técnico en promoción económica, José Luis González Cardalda, a quen corresponde supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Cuarto:** Notificar ao adxudicatario para que execute o contrato nas condicións acordadas, coa incorporación da correspondente factura, unha vez conformada pola responsable do contrato.

**Quinto:** Notificar este acordo aos interesados e dar traslado, a través da plataforma de administración electrónica TEdC, á interventora municipal e ó responsable do contrato.

**Sexto:** Publicar este acordo no termos establecidos nos artigos 63.4 e 346.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e artigo 8.1 a) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-



administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data de data 19 de xaneiro de 2024 (CVD: YycgUssQ+n9gwhOI8wHN), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

## **5.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e catro minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo